

PROTOCOLO RELATIVO Á ESTADÍA DAS PERSOAS MOZAS DURANTE O CURSO ACADÉMICO 2021/2022 NAS RESIDENCIAS XUVENÍS DEPENDENTES DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

1. OBXECTIVOS

Este protocolo ten como obxectivos:

- Asegurar o coñecemento e correcta aplicación das medidas hixiénico-sanitarias tanto nas residencias xuvenís, como no persoal e persoas mozas residentes.
- Adaptar o uso das residencias xuvenís e as actividades que se desenvolverán nelas ao novo escenario provocado pola pandemia da Covid-19.
- Establecer un protocolo de actuación que permita dar unha resposta ante un posible caso infeccioso por Covid-19.

2. RESIDENCIAS XUVENÍS DEPENDENTES DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

As residencias xuvenís son un instrumento ao servizo da mocidade, en particular dos mozos e mozas que durante o curso académico, por razóns de estudos ou traballo, deben desprazarse a un concello distinto do da súa residencia habitual.

Neste ámbito, dentro das instalacións xuvenís, a Xunta de Galicia, conta con tres residencias xuvenís:

- O Centro Residencial LUG (Lugo).
- A Residencia Xuvenil Florentino López Cuevillas (Ourense).
- A Residencia Xuvenil Altamar (Vigo).

Nestas instalacións ofrécese ás persoas mozas, en réxime de internado, aloxamento e manutención durante o curso académico. Así mesmo, nas residencias xuvenís desenvólvense

unha serie de actividades convivenciais e educativas, a través das que se intenta fomentar os valores sociais, culturais e deportivos da mocidade residente.

Mediante orde anual publicada no Diario Oficial de Galicia, realízase a convocatorias de prazas para estas residencias xuvenís:

- a) BS303B: prazas en residencias xuvenís para persoas estudantes.
- b) BS303C: prazas en residencias xuvenís para persoas estudantes colaboradoras bolseiras.
- c) BS303D: prazas en residencias xuvenís para persoas traballadoras.

Poderán solicitar praza nas residencias xuvenís os mozos e mozas con idades comprendidas entre os 18 e 30 anos, no caso de persoas colaboradoras bolseiras, e entre 16 e 30 anos de idade, no caso de persoas residentes (estudantes ou traballadoras).

Un punto importante a ter en conta nas residencias xuvenís é a convivencia. As persoas mozas residen nas residencias xuvenís durante o curso académico, cunha estadía máxima de 11 meses, excluídos os períodos vacacionais de semana santa e nadal. A estadía inclúe aloxamento, manutención e actividades convivenciais.

Pola súa banda, o persoal de dirección, administrativo, cociña, limpeza, mantemento e seguridade permanecen na residencia xuvenil durante a súa xornada laboral.

3. RESIDENCIAS XUVENÍS FRONTE Á COVID-19: COMPROMISO CONXUNTO

As residencias xuvenís resultan un elemento fundamental para as persoas mozas que por motivos de estudo ou traballo deben desprazarse a un concello distinto da súa residencia habitual, considerándose polo tanto imprescindibles para contribuír a diminuír os efectos negativos provocados pola crise sanitaria, ofrecéndolle un apoio para o acceso ao ensino universitario ou ciclos formativos de grao superior, ou ao mercado laboral.

A Administración autonómica traballa para realizar todas as adaptacións necesarias, tanto no aforo, no ámbito das actividades e nas instalacións co obxectivo de velar pola seguridade do persoal traballador e das persoas mozas residentes. Esta información será posta en coñecemento das persoas mozas residentes e do/a pais/nais/titores legais, no caso de ser menores de idade, que obtivesen praza na residencia xuvenil con anterioridade á súa incorporación á mesma.

En función da situación epidemiolóxica, o persoal de dirección do centro residencial poderá regular uns horarios de entrada e saída que se deberán respectar por parte de todos/as os/as residentes, así como o uso dos elementos comúns de cada centro.

O compromiso cos mecanismos de prevención e coas medidas hixiénico-sanitarias debe ser tamén compartido polas propias familias e persoas mozas residentes. Deste xeito, non se admitirá a entrada ás residencias xuvenís, no momento de inicio da estadia na mesma ou tras períodos fóra dela (como poden ser as fins de semana ou períodos non lectivos), das seguintes persoas:

- Aquelas con síntomas compatibles coa Covid-19.
- Aquelas ás que se lles diagnosticase a enfermidade e non finalizasen o período de illamento.
- Aquelas que se atopen en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada da Covid-19.

Se a persoa moza residente está nalgún destes supostos, non deberá acceder á residencia xuvenil e deberá comunicalo á dirección da dita residencia de xeito telefónico, e non se incorporará ata que o determine a correspondente autoridade sanitaria.

Así mesmo, no momento da entrada á residencia, o mozo ou moza con praza deberá entregar ao persoal da residencia a declaración responsable de condicións de saúde e aceptación das condicións da estadia derivada da situación actual de crise sanitaria

provocada pola Covid-19, conforme ao modelo que estará dispoñible na páxina web xuventude.xunta.es.

4. MEDIDAS HIXIÉNICO-SANITARIAS E ORGANIZATIVAS NA RESIDENCIA XUVENIL

En cada residencia xuvenil nomearase unha persoa responsable ou coordinador Covid-19, que será o responsable da coordinación das medidas de prevención e control que se establecen neste documento. Esta persoa será a encargada de contactar coa Consellería de Sanidade se existise algún abrocho ou algún caso de sospeita para coordinar as medidas de control deste.

Da mesma forma, na Consellería de Política Social existirá un equipo Covid-19 que será quen coordine as medidas anteriormente descritas, informe á Consellería de Sanidade de incidencias e exerza de interlocutor con esta ou de consultor cando así o soliciten dende as residencias.

4.1 Grupos de convivencia estable

Crearanse grupos de convivencia estable para aquelas actividades nas que non se utiliza a máscara, como por exemplo durmir, comer ou beber. Estes grupos non deberán superar as 6 persoas e deben ser estables durante todo o período lectivo.

As persoas dunha mesma habitación sempre debe pertencer ao mesmo grupo de convivencia estable

4.2. Hixiene e limpeza

En xeral, en cada instalación extremarase a limpeza e as medidas de prevención en zonas comúns, comedores ou espazos similares, lavabos e duchas, habitacións e salas interiores e cumpriranse as recomendacións en canto á ventilación dos espazos.

Deste xeito, procederáse a realizar unha limpeza e desinfección xeral en toda a instalación previa ao inicio do curso académico. Esta acción non substituirá, en ningún caso, á desinfección diaria dos espazos ocupados, cuxa limpeza se verá reforzada.

En liñas xerais, estas serán as pautas hixiénicas:

- Como primeira opción en calquera caso, recoméndase a hixiene de mans con agua e xabón sempre que sexa posible. Noutro caso, aplicarase hidroxel nas mans ao entrar e ao saír das dependencias e dos aseos.
- Existirán dispensadores de hidroxel na entrada das residencias e en todos os espazos comúns e haberá persoas encargadas de supervisar que sempre estean cheos.
- **O persoal traballador da residencia xuvenil e os residentes deberán ir provistos de máscara na residencia xuvenil en todo momento, indistintamente de que se cumpra coa distancia de seguridade.** Exceptuarase a hora de comer no comedor e dentro das habitacións, sempre e cando unicamente estean as persoas que fan uso compartido da mesma (Punto 4,1 deste protocolo).
- Deberase contar cunha sinalización visible sobre as medidas hixiénico-sanitarias e de prevención establecidas. Sempre que sexa posible e a residencia xuvenil o permita, estableceranse protocolos de circulación nos edificios para facilitar o mantemento da distancia de seguridade e evitar cruces (única dirección de ida ou volta).

Así mesmo, todas as medidas preventivas deberán ser explicadas ás persoas mozas residentes no momento de incorporación á residencia xuvenil para a súa tranquilidade, coñecemento e seguridade. Débese traballar coa mocidade, desde o punto de vista pedagóxico, sobre a adaptación a esta nova situación, poñendo especial interese nas súas necesidades e inquiredanzas. Pódense consultar titoriais no enlace: <https://femora.sergas.gal/Seguridade/Video-5-EPI>
<https://femora.sergas.gal/Seguridade/Video-5-EPI>

- Nos espazos onde se realicen actividades grupais, así como nas demais salas empregadas, deberase realizar, sempre que sexa posible, unha **correcta ventilación do local**. Recoméndase a ventilación natural unha hora antes da hora de apertura e unha hora despois do peche, especialmente naqueles locais que non dispoñan de sistemas de climatización con ventilación forzada de aire exterior.
- Así mesmo realizaranse tarefas de ventilación frecuente e periódica nas instalacións e, como mínimo, de forma diaria e durante o tempo necesario para permitir a renovación do aire (mínimo 15 minutos). Recoméndase seguir as pautas indicadas no documento: “Evaluación del riesgo de la transmisión de SARSCoV-2 mediante aerosoles. Medidas de prevención y recomendaciones” ([ligazón](#)).

Pódese atopar máis información sobre ventilación no apartado de Sanidade Ambiental da páxina WEB de coronavirus do SERGAS ([ligazón](#))

- Revisarase o sistema de instalación de climatización, se existe, asegurando a limpeza ou substitución dos filtros de aire exterior en caso necesario, para maximizar no posible o caudal de ventilación.
- Manterase, sempre que sexa posible, a ventilación dos aseos permanentemente, procurando que os inodoros se descarguen coa tapa pechada.
- Deberase implantar un procedemento de limpeza e desinfección minuciosa e periódica que inclúa as instalacións e demais elementos. Para estas limpeza e desinfeccións utilizaranse dilucións de lixivia (1:50) preparados no momento ou calquera dos desinfectantes con actividade virucida que se atopan no mercado e que foron autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade. No uso do produto respectaranse as indicacións da etiqueta. Nas tarefas de limpeza e desinfección prestarase especial atención ás zonas de uso común e ás superficies de contacto máis frecuentes, como pomos de portas, mesas, mobles, pasamáns, chan, teléfonos,

perchas, e outros elementos de similares características, que poidan ser susceptibles de constituírse en potenciais puntos de contaxio.

Logo de cada limpeza, os materiais empregados e os equipos de protección utilizados desbotaranse de forma segura, procedéndose posteriormente ao lavado de mans.

- Na medida do posible, deberanse manter as portas abertas con cuñas e outros sistemas para evitar o contacto das persoas cos pomos, por exemplo.
- As papeleiras deben ser con tapa e apertura de pedal e deben estar distribuídas por todo o edificio.
- Os ascensores, de habelos, serán obxecto de limpeza continuada e o seu uso será prioritario para o persoal con discapacidade ou no que concorran outras circunstancias que recomenden a prioridade. O número de persoas que os utilicen debe ser aquel que permita manter a distancia de seguridade. Sempre se recomendará a utilización de escaleiras de forma preferente, cando sexa posible.
- Cando existan máquinas que se activan ao tacto, é preciso desinfectar as mans antes e despois do seu uso; e a limpeza debe de ser especialmente exhaustiva nos puntos de contacto directo coas persoas usuarias.
- Os dispensadores de auga empregaranse extremado as medidas de hixiene. En ningún caso se pode beber directamente das billas.
- Os trámites administrativos serán realizados con cita previa.

Así mesmo, manteranse as **seguintes frecuencias específicas de limpeza e hixiene** polas diferentes zonas:

- Zonas comúns (salas, aulas...): todos os días limpanse, cando menos, dúas veces.

- Cociña e comedor: despois de cada uso.
- Lavabos e duchas: incrementar a súa limpeza despois das horas de máis afluencia (mañá e noite). Realizárase unha limpeza e desinfección diaria como mínimo, sen prexuízo das que resulten necesarias en función do seu uso.
- Habitacións: todos os días deben ser aireadas, durante 15 ou 20 minutos. Extremárase a limpeza nas portas, pomos, ventás, espellos, mesas e demais mobles da habitación.

4. 3. Persoal de limpeza, cociña, mantemento, xardinería e seguridade

Deberase cumprir coa normativa laboral e de prevención de riscos laborais e seguirase o “Procedemento de actuación dos servizos de prevención de riscos laborais fronte a exposición ao SARS-COV-2”, elaborado polo Ministerio de Sanidade. Deberase identificar ao persoal traballador especialmente sensible á Covid-19 e adoptar as medidas específicas para minimizar o risco de contaxio cando teña que acudir ao centro de traballo.

Informarase ao persoal de que se ten síntomas debe quedar na casa e de que se estivo en contacto estreito cun caso tampouco acudirá ao seu posto de traballo. Igualmente, é necesario que o persoal coñeza os riscos de contaxio e propagación da Covid-19, con especial atención ás vías de transmisión e ás medidas de prevención e protección adoptadas, así como o correcto uso do material de protección, e das condicións e lugares axeitados para desbotalo.

Proporcionaráselle ao persoal traballador o material de protección (máscaras, EPI, luvas...) adecuado, previa avaliación do nivel de risco que implique o exercicio das respectivas funcións no contexto Covid-19.

Todo o persoal traballador terá ao seu dispor no lugar de traballo hidroxel ou desinfectantes autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade para a limpeza de mans. Non se compartirán equipos de traballo ou dispositivos entre empregados. En caso de existir alternancia no uso de determinados dispositivos, desinfectaranse cada vez que se

vaian a utilizar. Logo de cada limpeza, os materiais empregados e os equipos de protección utilizados desbotaranse de forma segura en recipientes con tapa e accionados a pedal.

Pódese atopar máis información nas guías do ISSGA ([ligazón](#))

4.4. Medidas relativas a empresas externas e terceiros alleos á residencia xuvenil

A residencia xuvenil comunicará e difundirá as medidas preventivas adoptadas a outras empresas, autónomos e persoas que poidan prestar algún servizo na residencia xuvenil.

Calquera traballador ou traballadora externo ou externa á residencia deberá contemplar as medidas de seguridade establecidas polas súas propias empresas.

Ademais, deberán asumir o cumprimento estrito das medidas establecidas neste protocolo e futuros para o cumprimento das súas funcións e desenvolvemento do seu traballo dentro da residencia xuvenil, tanto se o servizo prestado é habitual como puntual.

Non acudir a traballar con febre ($> 37,5^{\circ}$), síntomas respiratorios ou se houbo contacto próximo cunha persoa infectada.

Para acceder sempre contarán coa autorización e coñecemento previo da dirección da residencia, provistos de máscaras como mínimo. Procurarán ter establecida con anterioridade á súa chegada graduada á residencia xuvenil, facilitando unha hora aproximada. Usarán hidroxel antes de acceder ás dependencias para a desinfección das mans.

Para a recepción de mercancías habilitarase unha zona de descarga á que accederá o transportista, evitando tanto o contacto co persoal de cociña como o acceso aos almacéns e cámaras. Unha vez o transportista marche, procederase á desinfección oportuna dos embalaxes, antes de ser trasladados ao lugar de almacenaxe. Cando o material o permita,

optarase por eliminar totalmente a embalaxe orixinal. En todo caso, o a director/a da residencia xuvenil deberá velar porque non entre ao recinto ningunha persoa allea que non teña autorización previa.

4.5. Organización e distribución de espazos

Ademais de incrementar as medidas de limpeza das propias instalacións, é preciso redistribuír os espazos para favorecer o distanciamento social nas zonas onde pode haber unha maior concorrencia de persoas. Neste sentido, cómpre lembrar que as residencias xuvenís son espazos de convivencia en xeral, tanto a nivel de actividades como no resto do día a día (comedor, habitacións...), polo que cómpre realizar unha aposta decisiva por compatibilizar o recomendado distanciamento social coa calidade do servizo prestado e das actividades realizadas.

Tendo isto presente, é preciso abordar o distanciamento social específico no resto de espazos comúns e/ou compartidos. Sinálanse, por tanto, as seguintes instrucións:

- **Zonas de comedor** ou ou espazos alternativos habilitados para as comidas: permitirán a distancia interpersonal de polo menos 1,5 metros, salvo no caso de pertencentes a un mesmo grupo de convivencia estable, que en todo caso non deben sobrepasar as 6 persoas. Asignaranse postos fixos durante todo o ano para as persoas residentes e garantirase a estanqueidade no caso dos grupos de convivencia estable.

Debe retirarse das mesas calquera elemento decorativo e produtos de autoservizo, priorizando as monodosas dun só uso. Deberá arbitrarse un sistema de acceso que evite aglomeracións, así como a manipulación de aparellos de uso común. Será o propio persoal o encargado de manipular e servir.

Evitarase compartir alimentos, bebida, utensilios e outros obxectos durante o almorzo, xantar e cea.

- **Lavabos e duchas das habitacións:** reforzarase a limpeza. Manterase, sempre que sexa posible, a ventilación dos lavabos e duchas permanentemente. Os mozos e mozas residentes deberán deixar ordenado o lavabo para facilitar a súa limpeza.
- **Habitacións:** os membros de cada habitación pasarán a constituír un grupo convivencial estable durante todo o curso académico, polo que, aínda que se extremará a limpeza das mesmas, o distanciamento persoal e o emprego de máscara non será necesario dentro destes espazos sempre e cando estean unicamente as persoas convivintes. Non estará permitido o acceso ás habitacións de persoas alleas a cada unha delas, salvo no caso de persoal de limpeza, mantemento ou similar. Os mozos e mozas residentes deberán deixar ordenada a habitación para facilitar a súa limpeza.

5. MEDIDAS ORGANIZATIVAS NAS ACTIVIDADES

Poderanse empregar os salóns de actos, as salas de informática, as utilizadas para o estudo, corredores e salas similares (ximnasia, por exemplo), sempre cumprindo coa redución de aforo e as medidas de prevención específicas que indique a normativa vixente en cada momento, segundo a situación epidemiolóxica, garantindo o correcto distanciamento físico, e sempre co emprego de máscara.

En todas estas salas haberá luvas, panos de papel e hidroxel para que os/as propios/as residentes poidan desinfectar o material empregado logo de rematar o seu uso. Deberase extremar, por tanto, a hixiene persoal e a desinfección posterior do material utilizado, cuxa tarefa lles será explicada polo persoal da propia residencia xuvenil para ser realizada dun xeito correcto.

Para a realización de calquera actividade nestes espazos comúns, que serán delimitados por cada residencia, **requirirase de cita previa**, o que permitirá controlar o tráfico diario de persoas. O responsable da residencia deberá elaborar un cronograma de quendas o

suficientemente amplo para evitar a coincidencia nos puntos de acceso, intentar dar servizo a todo aquel que o demande e garantir o distanciamento social en cada sala aberta.

Así mesmo, **permitirase a realización de actividades grupais, adaptándose así mesmo ás indicacións das autoridades sanitarias.** Isto é, deberase velar polo cumprimento das medidas de prevención específicas e de aforo da normativa vixente, que se van actualizando en función da situación epidemiolóxica.

Procurarase organizar actividades en varias quendas ou microgrupais e debe terse en conta sempre o cumprimento das medidas de prevención e hixiene contra a Covid-19 indicadas polas autoridades sanitarias. Tras o uso dunha sala despois dunha actividade grupal será preciso proceder á súa limpeza. Se isto non é posible, só se poderá levar a cabo unha actividade grupal por día en cada sala adaptada para dita acción.

Se a persoa coordinadora Covid-19 ten algún tipo de dúbida coa posible celebración dalgunha actividade de carácter grupal ou calquera outra deberá comunicalo ao servizo de xuventude da xefatura territorial correspondente para a súa valoración e estudo.

As visitas ás residencias xuvenís estarán restrinxidas, así como a participación en actividades internas por parte de persoal alleo á instalación. No caso de que, por algún motivo, deban acceder persoas alleas ao persoal e aos propios residentes, recoméndase levar un rexistro de persoas alleas (de acordo coa normativa para tratamento de datos persoais) de acceso ás residencias e das actividades que poidan desenvolver nestas.

6. MEDIDAS DE PREVENCIÓN E HIXIÉNICO-SANITARIAS

A maiores das medidas de hixiene e limpeza que se realicen nas residencias xuvenís, as persoas residentes deberán velar, en colaboración co persoal da residencia xuvenil, pola súa correcta hixiene persoal: incrementando o lavado habitual de mans, evitando coller pertenzas alleas, a través dun correcto uso das habitacións/lavabos ou da zona de comedor, etc.

As persoas mozas adxudicatarias dunha praza nunha residencia xuvenil deberán previamente poñerse en contacto telefónico coa residencia xuvenil para xestionar a súa incorporación á residencia. Así, o horario de chegada deberá notificarse previamente e coa antelación suficiente ao persoal da residencia xuvenil para poder graduar as chegadas e evitar aglomeracións puntuais no acceso de entrada.

No momento da incorporación á residencia xuvenil, o/a mozo/a só poderá vir acompañado/a por unha persoa. Neste momento de entrada do/a mozo/a na residencia xuvenil tomarase a temperatura a través de dispositivos de lectura biométrica que non impliquen contacto físico, e deberase achegar a pertinente declaración responsable de condicións de saúde e aceptación das condicións da estada.

7. ACTUACIÓN ANTE UN POSIBLE CASO DE COVID-19

Ante a manifestación de síntomas relacionados coa Covid-19 por parte das persoas mozas residentes, será necesario que comuniquen esta circunstancia canto antes á dirección da residencia xuvenil/coordinador Covid-19, para articular o oportuno protocolo de illamento.

Deste xeito, a persoa residente que presente este tipo de síntomas deberá ser trasladada ao lugar de illamento previamente elixido para xestionar os supostos casos de Covid-19, que deberá contar con ventilación adecuada, baño e unha papeleira de pedal con bolsa, onde tirar a máscara e panos que se poidan desbotar.

A persoa estará supervisada polo coordinador/a Covid-19 ou alguén que o substitúa. Deberase solicitar consulta telefónica co seu médico de familia para a avaliación da situación. En caso de síntomas de dificultade respiratoria, contactarase co 061.

O/a coordinador/a Covid-19 encargarse de revisar o círculo de contactos estreitos do grupo da persoa residente afectada, co fin de manter unha corentena preventiva mentres non se descarte que se trata dun caso infeccioso por Covid-19.

Así mesmo, o coordinador/a Covid-19 poñerase en contacto co servizo de xuventude da xefatura territorial correspondente para dar parte da situación. Avisarase tamén ao pai/nai/titor legal da persoa residente, no caso de menores de idade, aos que se terá plenamente informados do avance da situación, así como da decisión que finalmente tomen as autoridades sanitarias.

Se finalmente se confirma un caso positivo por Covid-19, a persoa coordinadora comunicará esta circunstancia ao servizo de xuventude correspondente, que establecerá contacto coa Xefatura Territorial de Sanidade.

As persoas residentes que teñan que gardar corentena ou illamento deberán facelo de acordo coas indicacións das autoridades sanitarias competentes, que serán as que tomen as decisións precisas para protexer a saúde das persoas residentes e traballadoras.

Por último, haberá que realizar unha boa ventilación, limpeza e desinfección dos espazos e do resto das estancias onde estivera a persoa, acorde coa situación do risco. Será preciso tamén illar o contedor/papeleira onde se depositaran os panos ou outros produtos usados. Esa bolsa de lixo deberá ser extraída e colocada nunha segunda bolsa de lixo, con peche, para o seu depósito na fracción resto.

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2021